

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2025

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm. 1589/2024, de 30 de decembro)

ASISTENTES:

D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Óscar Tomas Barrientos Morales
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día sete de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm. 1589/2024, de 30 de decembro) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as: D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Óscar Tomas Barrientos Morales, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE XANEIRO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de xaneiro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 2 de xaneiro de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 16 de decembro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na

Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT236A). DOG número 3, de 07-01-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 27 ao 31 de decembro de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1570/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1599/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1570/2024	27-12-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de xaneiro de 2025
1571/2024	27-12-2024	Cesar con data 31 de decembro do 2024 á administrativa interina VESO polo transcurso do prazo establecido na resolución de nomeamento por exceso ou acumulación de tarefas núm. 909 emitida o 31 de xullo do 2024 pola concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, de conformidade co artigo 24.3 c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1572/2024	27-12-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 11/2024 por importe de 68.862,58 euros
1573/2024	27-12-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de marzo de 2024, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 106 recibos e 24 cotas cero dun total de 129 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.205,05 euros
1574/2024	27-12-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de abril de 2024, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 104 recibos e 23 cotas cero dun total de 126 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.749,76 €
1575/2024	27-12-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de maio de 2024, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 105 recibos e 20 cotas cero dun total de 125 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.696,81 euros
1576/2024	27-12-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xuño de 2024, tendo en conta as horas efectivamente



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 106 recibos e 20 cotas cero dun total de 125 persoas e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.146,69 €
1577/2024	27-12-2024	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 27.842,15 euros
1578/2024	27-12-2024	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 11/2024 por un importe de 29.150,00 euros
1579/2024	27-12-2024	Aprobar o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 68.455,30 euros a prol da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en concepto de liquidación da achega municipal 2023 e achega 2024 ao Plan de Transporte metropolitano, servizos de predominante interese municipal (SIMU)
1580/2024	27-12-2024	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 323.381,73 euros
1581/2024	27-12-2024	Aprobar o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 77.213,66 euros a prol da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en concepto de liquidación da achega municipal Transporte metropolitano 2022-2023 ao Plan de transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña (ATM: A Coruña)
1582/2024	30-12-2024	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 1.752,68 euros
1583/2024	30-12-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal, no seu informe de intervención de data 23.12.2024, tendo en conta o informe do oficial, en funcións de xefe de policía de data 27.12.2024. Aprobar a factura por un importe total de 223,85 euros
1584/2024	30-12-2024	Aprobar a nómina de atrasos do 2023 co incremento retributivo complementario do 0,5 por cento vinculado á evolución do PIB previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, de 23 de decembro, cun importe de retribucións brutas de 20.793,68 euros
1585/2024	30-12-2024	Aprobar o pago en formalización por importe de 68.862,58 euros
1586/2024	30-12-2024	Avocar a delegación xenérica da área Seguridade Cidadá, Patrimonio, Turismo, Transformación Dixital e Innovación Tecnolóxica efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 30 de decembro de 2024 ao 4 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos
1587/2024	30-12-2024	Rectificar o erro material detectado na resolución da alcaldía número 1579/2024, de data 27 de decembro
1588/2024	30-12-2024	Aprobar as certificacións de obra. Aprobar as facturas por un importe total de 98.419,01 euros
1589/2024	30-12-2024	Delegación de funcións Alcaldía no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós, do día 2 ao 4 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos e do día 7 ao 10 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos
1590/2024	30-12-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de intervención de data 23.12.2024. Aprobar a factura por importe de 171.083,24 euros
1591/2024	30-12-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu

		informe de intervención de data 18.12.2024. Aprobar as facturas por importe de 55.944,46 euros
1592/2024	30-12-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de intervención de data 23 de decembro de 2024, tendo en conta o informe da coordinadora de Servizos Sociais de data 26.12.2024. Aprobar a factura por importe de 87.514,45 euros
1593/2024	30-12-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de novembro de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento por importe total de 84.458,27 €
1594/2024	30-12-2024	Aprobar a nómina complementaria dos funcionarios JABC e JALM Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas por importe total de 9.717,73 euros
1595/2024	30-12-2024	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 148.238,91 euros
1596/2024	30-12-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de intervención de data 26.12.2024. Aprobar as facturas por importe total de 60.984,25 euros
1597/2024	30-12-2024	Prorrogar ao ano 2025 o orzamento municipal de 2024, co detalle sinalado no informe da Intervención municipal de data 30.12.2024 cun estado de gastos de 19.934.564,45€ euros e de ingresos de 21.080.437,96€ euros
1598/2024	30-12-2024	Aprobar a nómina complementaria dos meses de setembro e novembro do 2024. Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteriores gastos por importe total de 990,32 euros
1599/2024	30-12-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de intervención de data 10.12.2024. Aprobar a factura por importe de 60.379,00 euros

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e un minuto do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo